



NOTIFICACIÓN

Expediente núm.: 7681/2024

Notificación ao Interesado

Procedemento: Subvencións Directas ou Nominativas

Interesado: FONDO GALEGO DE COOP. E SOLIDARIDADE

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO	DATA	NÚM. DECRETO
7681/2024	Alcalde	30/12/2024	2024-2659

Mediante a presente se lle notifica a seguinte resolución, para os seus efectos e coñecemento:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Antecedentes:

- Con data 04/12/2024 Providencia de Inicio do expediente para a concesión da subvención nominativa a favor do Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade para a mellora das condicións de vida, educación e oportunidades afectada .
- Con data 18/12/2024 consta Memoria xustificativa da necesidade e oportunidade da sinatura do convenio para a Construción dunha escola de ensino básico en Pessangue, Ilha de Pecixe (Guinea Bisáu) e mellora nos pozos e sistemas de regadío, Tarrafal (Cabo Verde)
- Con data 20/12/2024 consta Retención de crédito (RC) para o Convenio co Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade por importe de 40.000,00€ .
- Consta o borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Nigrán e a entidade Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade en materia de cooperación internacional para a construción da escola e o desenvolvemento da agricultura en Tarrefa .
- Consta informe da AEDL de data 20/12/2024
- Tendo en conta a proposta de resolución formulada pola Concelleira responsable de data 21/12/2022
- Tendo en conta o informe nº 2024-29 da Interventora municipal de data 27/12/2024, tomadas en consideración as observacións realizadas, e analizado o reparo suspensivo formulado





Visto canto antecede, en exercicio das competencias legalmente atribuídas, dítase a seguinte:

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, formulado no seu informe nº 2024-0029.

SEGUNDO: Aprobar e asinar o seguinte convenio de colaboración entre o Concello de Nigrán e o Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade:

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NIGRÁN E A ENTIDADE FONDO GALEGO E COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL E COOPERACIÓN INTERNACIONAL

CAPITULO 1: Identificación das persoas subscritoras do convenio e capacidade xurídica

Dunha parte, Rubén Rial Sánchez con DNI 36161658T que actúa en nome e representación do Concello de Nigrán, con CIF.P3603500D na súa condición como Primeiro Tenente de Alcalde, do mesmo, por Decreto de Alcaldía-Presidentencia de data 20/12/2024 número 2024-2619 de delegación de competencias.

Doutra parte, Juan Antonio González Pérez, con DNI 76987132Z, que actúa en representación da entidade Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade, con domicilio social en Rúa Varsovia, 4ºc, 6º andar, Area Central, 15703, Santiago de Compostela (A Coruña), con CIF G15629629, en virtude da súa condición de Presidente da entidade.

CAPÍTULO 2. Fundamento do Convenio

O Concello de Nigrán leva varios anos colaborando en programas de cooperación e solidariedade.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das súas liñas estratéxicas, manifesta o seu compromiso de promover o desenvolvemento social deste colectivo no seu municipio.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, e a existencia de crédito suficiente nos orzamentos municipais, o Concello de Nigrán ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade idónea para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.





Dada a especificidade do colectivo, a falta de entidades especializadas en traballar con el, e que contén con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

Este convenio xorde da inclusión no Orzamento Xeral para o ano 2024, no que se recollen unha serie de subvencións, tanto de concorrencia competitiva, como de natureza nominativa, entre as que figura a “Subvención Fondo Galego de Cooperación Internacional e Solidaridade” contribuíndo a acadar o obxectivo Desenvolver proxectos internacionais de axuda en emerxencia, a través das actividades descritas neste convenio.

O Fondo Galego xorde a finais do ano 1997 como expresión institucional desa crecente sensibilidade cidadá arredor das crises humanitarias e a pobreza mundial que percorreu o Estado español e Europa durante os anos 90, dos efectos sociais de tantas calamidades, catástrofes ou guerras, pero tamén para ir máis alá da mera urxencia e arbitrar programas sólidos e permanentes centrados no desenvolvemento estrutural desas comunidades que, a pesar de representar a maior parte da demografía mundial, van no furgón de cola da “nova economía”.

CAPÍTULO 3. Obxecto

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento das actividades descritas no capítulo 4, consideradas actividades de interese social de carácter singular dado o colectivo ao que vai dirixido.

As actividades comprendidas neste convenio desenvolveranse entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 30 de setembro de 2025.

Deste xeito, melloramos a eficiencia da xestión pública, facilitamos a utilización de medios e servizos públicos e contribuímos á realización de actividades de utilidade pública.

CAPÍTULO 4. Descrición do convenio:

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista integrada por concellos e deputacións galegas, unidas pola vontade común de contribuír á erradicación das desigualdades Norte-Sur a través de proxectos de cooperación ao desenvolvemento de países empobrecidos, así como para a sensibilización social en Galicia.

Este convenio está dirixido a apoiar a xestión que desenvolve o Fondo Galego de Cooperación na súa área de cooperación internacional ao desenvolvemento, na que se realizan diferentes tarefas relacionadas coa xestión de dous proxectos dentro da área de cooperación internacional ao desenvolvemento, a realizar no ano 2025, mellorando as infraestruturas escolares para fomentar a educación, creando unha escola que dará cobertura a 200 nenos entre 6 e 10 anos, e co desenvolvemento integrado da agricultura que permite a mellora dos pozos e os sistemas de rego.





Proxectos de cooperación e desenvolvemento a realizar na anualidade 2025:

- 1. Unha escola para Pessangue (Illa de Pecixe- Guinea Bissau). Orzamentado en 45.787,53 €, executado polo Goberno Rexional de Cacheu (Guinea Bissau) e financiado polo Fondo Galego a través da achega extraordinaria do Concello de Nigrán por un importe de 30.000,00 €.*
- 2. Desenvolvemento integrado da agricultura no municipio do Tarrafal II (Cabo Verde). Orzamentado en 12.000,00 €, executado pola Cámara Municipal do Tarrafal e financiado polo Fondo Galego a través da achega extraordinaria do Concello de Nigrán por un importe de 10.000,00 €.*

A entidade se compromete tamén a colaborar co Concello de Nigrán en eventos conmemorativos organizados polo Concello e relacionados coa temática deste convenio.

CAPÍTULO 5: Achegas das partes

A.- Durante o período de vixencia do convenio, o Concello de Nigrán achegará:

*Mediante acordo plenario do Concello de Nigrán de data 01/10/2024 (Expte 5789/2024) e Cod. Validación: 4DAPANFY6G7WC76T9FQRJRXCK, aprobouse o expediente administrativo de modificación de crédito 8/2024 mediante créditos extraordinarios por importe de 897.875,00€ no orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2024, pola que se introduce no PES 2024-2027 a seguinte subvención nominativa "Subvención nominativa nº 11- Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade"*****

A achega económica reflectida na seguintes aplicación orzamentaria:

Para os proxectos reflectidos nos puntos 1 e 2 do Capítulo 4:

- Consignación orzamentaria.: Partida 24.231.78001*
- Importe económico: 40.000,00€*

Recursos humanos: asesoramento técnico-administrativo relacionado co contido do convenio e dos programas a desenvolver.

B.- Durante o período de vixencia do convenio, a entidade Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade achegará:

- Infraestruturas necesaria para o desenvolvemento do programa, nos períodos que abrangue o convenio.*
- A contratación do persoal necesario no marco da normativa aplicable vixente.*
- Achega dos materiais que fosen precisos.*





- *Organización, xestión e execución do programa conveniado.*

CAPÍTULO 6. Obrigas

Son obrigas da entidade Fondo Galego de Cooperación e solidariedade:

1º.- Acreditar antes da aprobación do convenio de colaboración a seguinte documentación:

Solicitude de convenio de colaboración que contén as seguintes declaracións responsables:

- *Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.*
- *Que a entidade está legalmente constituída.*
- *Que nin a entidade nin o/a declarante están incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.*
- *Memoria das actividades a desenvolver, incluído o orzamento estimativo de gastos e ingresos.*
- *Declaración responsable do/a presidente/a sinalando:*
 - *Se a entidade ten solicitada/obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento desta subvención.*
 - *Se existe concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención.*
- *Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social.*

2º.- Realizar os programas e actividades obxecto deste convenio.





3º.- Presentar a seguinte documentación para a xustificación do convenio, con data límite do 30 de setembro do ano 2025 .

- *Solicitud de xustificación de convenio de colaboración na que se expresará a aceptación das seguintes declaracións responsables:*
 - *Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.*
 - *Que nin a entidade nin o/a declarante están incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
 - *Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.*
 - *Declaración responsable do/a presidente/a sinalando:*
 - 1) *Se a entidade ten solicitada/obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento desta subvención.*
 - 2) *A achega de fondos propios.*
 - 3) *Se existe concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención.*
 - *Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social.*
 - *Pequena memoria das accións desenvolvidas con cronograma, número de participantes por acción e desagregado por sexo, e avaliación..*
 - *Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención.*
 - *Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión, data e forma de pago .*





- *Os pagos en efectivo terán que axustarse ao límite que estableza a normativa de aplicación en cada momento.*
- *Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.*

Outras obrigas:

1. *Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden ao Concello de Nigrán.*
2. *Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados polo Concello de Nigrán.*
3. *Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado polo Concello de Nigrán e do apoio desta á acción.*
4. *Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito.*
5. *Publicidade: O Fondo Galego obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas da actividade subvencionada (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) o logotipo oficial do Concello de Nigrán, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención.*

Atendendo ao art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a declaración responsable correspondente, non será necesario presentala na xustificación (sempre que se manteña o cumprimento das obrigas ás que fan referencia) porque xa foi achegada no seu momento para a firma do convenio, e o mencionado artigo establece que as declaracións responsables son válidas durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio deste convenio. No caso de producirse algún cambio, este deberá ser comunicado debidamente ao Concello de Nigrán.

CAPÍTULO 7. Compromiso económico, obrigas e sistema de pago.

O Concello de Nigrán realizará as achegas descritas no capítulo 4.





O Fondo Galego poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Nigrán, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente. O importe a imputar na xustificación será o total da subvención concedida.

Aos efectos do disposto no artigo 75 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, para a xustificación deste convenio presentarase unha conta xustificativa simplificada.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, dentro dos que se inclúen a contratación do persoal necesario e o pago dos seus salarios (incluída a seguridade social), os seguros necesarios para a cobertura da realización das actividades, gastos de xestión, comunicacións, publicidade, mantemento, asesoría, e outros gastos relacionados directamente coas actividades conveniadas.

Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio, e que se realizou no prazo establecido para o desenvolvemento do mesmo.

Os pagos en efectivo terán que axustarse ao límite que estableza a normativa de aplicación en cada momento.

O artigo 22 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establece que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social será mediante a presentación das correspondentes certificacións administrativas positivas, expedidas polos órganos competentes. O artigo 24 da mesma norma permite a substitución das certificacións anteriores por unha declaración responsable, no caso de que a subvención financie proxectos de acción social e cooperación internacional que se concedan a entidades sen fins lucrativos.

Neste caso, as declaracións responsables substitúen a presentación das certificacións indicadas por tratarse dun convenio que financia un proxecto de acción social e cooperación internacional concedido a unha entidade sen fin lucrativo.





Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que o Fondo Galego indique, mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo o Concello de Nigrán os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

CAPÍTULO 8.- Causas de invalidez da resolución de concesión e reintegro

Serán causas de resolución da concesión da subvención as contempladas no art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no art. 36 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 32 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Serán causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

O artigo 30.8 da Lei xeral de subvencións establece que a xustificación insuficiente da subvención levará parello o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da dita lei.

Este artigo 37 establece que procederá o reintegro das cantidades recibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingreso o reintegro se é anterior a esta, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o houbesen impedido.

b) Incumprimento total ou parcial do obxecto, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamente a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións, e no seu caso, nas normas reguladoras desta subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidos no apartado 4 do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de isto se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia a subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade,





procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se teñen que conseguir os obxectivos, realidade a actividades, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando por isto se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

As entidades poderán realizar un reintegro voluntario ou unha devolución voluntaria dos fondos públicos recibidos, sen que exista un requirimento previo da Administración, tal como establece o art. 90 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Deste xeito, cando unha entidade decida voluntariamente efectuar o reintegro total ou parcial da subvención que lle foi concedida polo Concello (por manifestar renuncia á subvención, presentar conta xustificada por importe inferior á subvención, etc.), poderá realizar o ingreso, mediante transferencia bancaria á conta ES79 2080 5052 1330 4000 7973 do Concello de Nigrán, indicando no concepto da transferencia "Reintegro subvención ano 2024".

CAPÍTULO 9 : Réxime sancionador.

Para a determinación das infraccións e sancións, remítese á Lei 9/2007, de 13 de xuño, e a Lei 38/2003, de 17 de novembro. De conformidade co artigo 58.b) da Lei xeral de subvencións constitúe infracción moi grave a non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas aos fins para os que a subvención se concedeu. No artigo 61 da Lei de subvencións de Galicia régulanse as sancións por infraccións moi graves.

O artigo 66.3 da Lei xeral de subvencións establece que a competencia para impoñer sancións nas corporacións locais corresponde aos órganos de goberno que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local. A dita competencia correspóndelle





ao alcalde en virtude da competencia residual do artigo 21.1.s) da Lei reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Ao abeiro do artigo 67 da Lei xeral de subvencións, a imposición das sancións en materia de subvencións efectuarase mediante expediente administrativo no que, en todo caso, darase audiencia ao interesado antes de ditarse o acordo correspondente e que será tramitado conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

CAPÍTULO 10 : Vixencia, revisión e resolución.

Vixencia. *O presente convenio supón a anulación de calquera convenio de data anterior e terá vixencia dende o 01/01/2025 ata o 30/09/2025 referíndose a todas as actividades realizadas dende o comezo da vixencia, contidas no texto do documento.*

Revisión, causas e contidos. *O convenio poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.*

Resolución. *Nos casos contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do convenio de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.*

CAPÍTULO 11: Avaliación, seguimento e interpretación.

No caso de detectarse incidencias ou dúbidas no desenvolvemento do convenio, estas serán tratadas a través dunha comisión composta por:

- *A concelleira de Benestar social*
- *A AEDL do Concello de Nigrán*
- *O presidente da entidade Fondo Galego de cooperación e solidariedade (ou persoa en quen delegue).*

De persistir as incidencias ou dúbidas, a interpretación das mesmas será resolta por Resolución de Alcaldía.

CAPÍTULO 12. Réxime de compatibilidades

A subvención concedida a través deste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o importe das subvencións en ningún caso sexa de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.





Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fora dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

A subvención concedida a través deste convenio será incompatible con outra subvención para o mesmo proxecto, procedente de o Servizo Sociocomunitario, outra área ou outra concellería do Concello de Nigrán

CAPÍTULO 13. Base de Datos Nacional de Subvencións

Este convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) seguindo as indicacións do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

CAPÍTULO 14: Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación de:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de Administracións Públicas.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán.*
- *Bases de execución do orzamento do exercicio 2024.*

A subscrición do presente convenio non ten carácter contractual e non implicará relación contractual algunha entre o Concello de Nigrán e as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.





O Concello de Nigrán será titular dos resultados obtidos no desenvolvemento deste programa.

Serán competentes para coñecer de cantos litixios puideran xurdir entre as partes, como consecuencia do presente convenio, os Xulgados do Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo.

Para aqueles aspectos non previstos neste convenio será de aplicación o previsto na Lei 38 /2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Nigrán; e nas Bases de execución do orzamento do exercicio 2024.

E en proba de conformidade co anterior asinan este documento, por duplicado e a un só efecto, en Nigrán, o día ... de decembro de 2024

<i>O Primeiro Tenente de Alcalde</i>	<i>O presidente do Fondo Galego de cooperación e solidariedade</i>
<i>Rubén Rial Sánchez</i>	<i>Juan Antonio González Pérez»</i>

TERCEIRO: Autorizar e comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 24.231.78001, por un importe de 40.000,00€ a favor do beneficiario.

CUARTO: Procederá o reintegro das cantidades percibidas no caso de que a cantidade xustificada sexa menor que o importe concedido, así como no resto dos supostos establecidos no art. 37 da LXS.

No caso de que proceda o reintegro das cantidades percibidas, esixirase o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, podendo non obstante o beneficiario proceder de forma voluntaria á devolución das cantidades percibidas e intereses de demora correspondentes, de conformidade co disposto no art. 90 LXS.

QUINTO: Comunicar á Base de Datos Nacional de Subvencións a concesión da presente subvención e publicar no portal de transparencia do Concello de Nigrán a subvención concedida, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiario.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Proceder á notificación ao interesado desta resolución, que pon fin á vía administrativa, advertíndolle que contra ela poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición





suspenda o acto ditado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

